

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027927	IES Ramón Caamaño	Muxía	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Cando se programa unha área como a de Lingua Galega e Literatura, son dous os obxectivos prioritarios e imprescindibles: por unha banda, lograr que o alumnado acade unha competencia comunicativa acorde co seu nivel académico e co seu desenvolvemento intelectual e, por outra, conseguir que utilice o idioma como instrumento vehicular idóneo para a adquisición de todo tipo de saberes e intereses, así como para, se fose o caso, a expresión do pensamento que o individualiza e o reafirma entre os restantes membros do seu grupo durante o período de formación. En consecuencia, para atinxirmos estes propósitos, cumprirá, cando menos:

¿ Detectar e corrixir, de precisalo, as principais carencias ou erros lingüísticos que están a empobrecer as manifestacións dos/as discentes, tanto nesta área como naquelas en que o galego é lingua vehicular.

¿ En sentido contrario, potenciar o dominio lingüístico dun alumnado maioritariamente galegofalante e tirar partido do seu extraordinario acervo lingüístico (case todo o alumnado deste centro ten o galego como primeira lingua).

¿ Dignificar, no sentido académico, unha área que o alumnado non adoita disociar do uso familiar e informal.

¿ En relación co anterior, superar calquera clase de prexuízo, pudor ou complexo que o uso xeneralizado da lingua galega puidese provocar no alumnado.

¿ Como resultado en boa parte das medidas propostas, mellorar as capacidades lingüísticas de todo o alumnado con base na adquisición de coñecementos, na práctica de destrezas e na potenciación de actitudes respectuosas cara ao idioma que ocupa esta área.

En procura de todos estes obxectivos, tivéronse especialmente en conta as características do alumnado, tanto á hora de formulalos como de cara á súa posta en práctica. Con iso quérese dicir que foron consideradas vantaxes evidentes, tales como a instalación no idioma obxecto de estudo, e tamén problemas esperables, como a propia infravaloración por razóns (extra)lingüísticas ou a deturpación do código froito dun uso espontáneo (¿contaminado¿), tanto familiar como social.

Unha vez feitas todas estas reflexións e seleccionados os materiais e recursos didácticos máis convenientes para coa realidade educacional do centro, este departamento elabora a programación didáctica que segue a continuación.

No Decreto 86/2015, do 25 de xuño, afirmase, en relación co currículo de Lingua Galega e Literatura: ¿o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos¿.

Nas reunións mantidas entre ambos departamentos co fin de optimizar o esforzo docente e mellorar no posible o proceso de aprendizaxe do alumnado nas dúas linguas instrumentais impartidas no IES Ramón Caamaño de Muxía, chegouse a un acordo acerca dos contidos que ambos departamentos se comprometen a impartir, ben de maneira conxunta, ben repartíndoos entre ambos. Tamén se decidiu manter as reunións de coordinación ao longo de todo o curso.

Consideramos importante tratar, tanto en Lingua Castelá e Literatura como en Lingua Galega e Literatura, contidos que son comúns a ambas materias, como as tipoloxías textuais, pero que son tamén fundamentais para o desenvolvemento da competencia en Comunicación Lingüística do alumnado. Para tomar esta decisión, tivemos en conta a situación do estudiantado do centro, que tende a mesturar os códigos das dúas linguas e que necesita reforzar as destrezas esenciais para analizar, comprender e producir textos pertencentes ás diversas tipoloxías.

Con respecto aos contidos do bloque de Coñecemento da Lingua, chegamos ao acordo de que os contidos imprescindibles para desenvolver a aprendizaxe dunha lingua, como as categorías gramaticais, estarían presentes no currículo de ambas as materias. En canto a análise de sintagmas e o recoñecemento e explicación dos elementos

constituíntes da oración simple e composta complementarase en ambas materias.

Por outra banda, cabe indicar que tras a crise xerada pola COVID-19 as programacións didácticas aquí recollidas están pensadas para o ensino presencial, o dixital e o mixto. Así pois, e en esencia, para alén da aula tradicional a aula virtual cobra unha grande importancia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Funcionamento da lingua	Coñecemento das principais normas gramaticais do idioma: fonética, fonoloxía, ortografía, puntuación, acentuación, procedementos de creación de palabras, sintaxe, alén do vínculo que se establece coas propiedades textuais ou co traballo con dicionario e proxectos varios.	20	30	X	X	X
2	Comunicación escrita. Ler e escribir	Comprensión, interpretación e produción de textos de tipoloxía variada, con apoio en dicionarios e manuais para o correcto uso da lingua e con recorrencia ás TIC para unha presentación adecuada.	20	20	X	X	X
3	Comunicación oral. escoitar e falar	Comprensión, interpretación e produción de textos de natureza oral, ben como exercicio individual ben como interacción social nas dinámicas da aula no día a día a través dunha participación activa e positiva ou a través de debates.	20	15	X	X	X
4	Lingua e Sociedade	Valoración das linguas como bens das sociedades e en especial aquelas que como o galego preservan unha identidade xenuína, con apego na lusofonía. Importancia das normativas e das accións normalizadoras para contrarrestar os efectos negativos xerados na súa particular evolución. Valoración social das variantes internas do galego.	20	20	X	X	X
5	Educación Literaria	Lectura crítica e expresiva de textos literarios ou artísticos como os provenientes da música ou do cine en relación coas distintas épocas nas que se dividen as etapas literarias do galego. Produción de textos literarios. Lectura de obras e mais elaboración de traballos con apoio nas TIC.	20	20	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Funcionamento da lingua	30

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Apóiasse de xeito cada vez máis autónomo nas normas que rexen o funcionamento da lingua para a correcta produción de textos.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Aplica de modo cada vez máis autónomo os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Entende o funcionamento do proceso comunicativo e mais as principais relacións que se establecen entre os elementos que interveñen na comunicación, empregando unha linguaxe apropiada.	PE	100
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Reflexiona, con apoio gradual en diferente material de consulta, arredor do funcionamento da lingua a través da observación dos usos lingüísticos, e coñece e usa unha terminoloxía lingüística adecuada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión) - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Comunicación escrita. Ler e escribir	20

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Extrae a información máis relevante, canto á comprensión e usos lingüísticos, dos textos obxecto de análise.	PE	100
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Adapta as súas producións á situación comunicativa e coida as propiedades textuais.		
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Apóiase cada vez máis en fontes de información fiables e adecuadas ao propósito, respectando os dereitos de autor(a).		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Usa de xeito seguro, crítico e correcto as TIC na procura de fontes de información fiables e adecuadas ao propósito.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Reflexiona de xeito cada vez máis autónomo sobre a lingua e os seus vínculos coa comprensión dun texto.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Recoñece e evita usos discriminatorios, verbais ou non verbais, da lingua, mediante o exercicio crítico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos texto - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
3	Comunicación oral. escoitar e falar	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende o funcionamento do proceso comunicativo e extrae a información máis relevante das asociacións xeradas entre os elementos que participan na comunicación.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Desenvolve un discurso de certa extensión con relativa solvencia e interese social, con apoio nas propiedades textuais e nos recursos verbais e non verbais.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa de maneira activa nas interaccións respectando as regras básicas de interacción social.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Procura o consenso a través da resolución dialogada de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).

UD	Título da UD	Duración
4	Lingua e Sociedade	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	Entende o valor da lusofonía e o seu vínculo coa lingua galega, establecendo vínculos en usos gramaticais básicos.	PE	100
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Valora a lingua catalá como referente de analoxía coa lingua galega.		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Recoñece os prexuízos máis habituais arredor do galego e entende a importancia de desbotalos para valorar positivamente a lingua galega e as súas variantes internas, en especial ás ligadas á realidade do centro escolar.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elabora de xeito cada vez máis autónomo traballos de corte sociolingüístico sobre temas de interese.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade. - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.

UD	Título da UD	Duración
5	Educación Literaria	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende a información máis relevante dos textos propostos.	PE	100
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Reflexiona de xeito crítico sobre a forma e o fondo dos textos literarios obxecto de análise.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Le de xeito cada vez máis autónomo as obras que foi quen de seleccionar segundo unha escolla crítica.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Valora a importancia de compartir as experiencias lectoras cos demais.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Relaciona a obra lida co contexto sociohistórico en que adquire un maior sentido.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Vincula a obra lida con outras manifestacións artísticas e culturais.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Produce textos en soportes diversos, de xeito individual ou en equipo, con apoio nunha bagaxe lectora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos

Contidos

- lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os métodos propostos nesta programación baséanse fundamentalmente na flexibilidade; con isto quérese dicir que, en primeira instancia, haberá que facer un estudo das características do grupo para poder determinar o método ou métodos idóneos. Así, nuns casos, cumprirá promover os labores expositivos, tanto por parte do profesorado como do alumnado, e noutros primará o descubrimento e a aprendizaxe a través da práctica (método indutivo) individual ou colectiva. Neste último aspecto -o traballo de grupo- ben é sabido que cada aula constitúe un microcosmos educativo dentro do cal se propicia, ás veces, a formación de equipos de traballo e outras veces o labor de base individual. Cada docente, xa que logo, atendendo ás características de cada grupo en particular e da súa propia área, orientará o ensino nunha dirección ou noutra, segundo vaia constatando, nas primeiras sesións do curso, a eficacia duns ou doutros métodos.

Con todo, cómpre valorar unha serie de factores que salientan por si mesmos neste curso da ESO:

¿ O alumnado de 3º curso é xa plenamente adolescente, o que significa que precisa participar máis activamente no proceso educativo (desenvolvemento das clases e da vida do centro en xeral).

¿ Require un maior grao de consenso na consecución dos obxectivos propostos para este ciclo. Isto supón unha adaptación importante no que aos métodos de ensino empregados se refire (variedade de ideas e materias, apoios externos como a música, visitas culturais, colaboración de persoas alleas ao centro escolar que puidesen suscitar o seu interese¿).

¿ O carácter terminal dos estudos obrigatorios impón a necesidade de buscar novos métodos de estimulación que impidan o abandono do alumnado ou o seu desinterese, pois, bastante a miúdo, a recta final provoca en moitos casos unha pasividade alarmante, fronte ao esperable -e desexable- que sería a existencia dun maior esforzo en pos dun obxectivo concreto (a titulación en ESO).

Propóñense como estratexias xerais:

¿ O uso de métodos de carácter dedutivo nos planos:

¿ Morfolóxico: o alumnado debe retomar ou, no seu defecto, aprender de novo, os fundamentos da morfoloxía (tipos

de palabras e uso, análise da forma...). Prestaráselle especial atención a este plano.

¿ Sintáctico: cómpre aprender un método de análise e poñelo en práctica ao longo do ciclo.

¿ Textual: só no referente á elaboración dun modelo de comentario que o alumnado terá presente unicamente como referencia.

¿ A exposición informativa para o tratamento de:

¿ Lexislación relativa á lingua

¿ Historia externa do idioma

¿ Variedade dialectal

¿ Autores, obras e correntes literarias.

¿ A vía indutiva para o tratamento de:

¿ Subcódigos lingüísticos: abreviaturas, siglas, acrónimos...

¿ Estudo de boa parte dos campos semánticos.

¿ A proposta da investigación para:

¿ A lingua nos medios de comunicación

¿ As novas canles

¿ A lingua nos eidos extralingüísticos (etnografía, mundo laboral, núcleos sociais específicos ...)

¿ A estabilidade das variedades dialectais: repercusións do progreso na delimitación das áreas lingüísticas actuais

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

¿ Libro de texto: neste curso utilizarase como material de referencia o da editorial Xerais, tanto no que se refire ao libros de texto como ao material que o complementa: DVD, CD, enderezos de Internet recomendados, presentacións en Power Point...

¿ Outros:

¿ Manuais de apoio actualizados (adaptados á normativa oficial): dicionarios e gramáticas.

¿ Libros de lectura (fondo bibliográfico do centro e biblioteca persoal).

¿ Recursos didácticos: dado que unha parte considerable dos materiais propostos son de carácter escrito, cómpre rescatar a oralidade do estrito marco que a aula lle impón e considerar recursos de formación de eficacia demostrada resultados académicos: falamos de sesións de contacontos, conferencias, representacións de teatro, recitais, concursos, campañas de concienciación, campamentos de lecer...

Agora ben, ao abeiro das tendencias observadas no XXI, para traballar a oralidade tamén serán de utilidade recursos audiovisuais, caso de recitados, cancións ou curtas, con independencia do medio empregado mais sempre tendo presente as leis de propiedade intelectual.

Por suposto, tamén nos valeremos de recursos como o encerado ou a pantalla dixital, no caso da aula presencial, e da aula virtual para a ensinanza a distancia.

Lecturas propostas para o curso 2022-2023

Sen prexuízo de ofrecer unha lista de posibilidades máis ampla, como relación mínima de lecturas teremos:

1º trimestre: Cartas de inverno, Agustín Fernández Paz.

2º trimestre: 3º ESO A : Tres catorcedezaseis, Rocío Leira.

3º trimestre: 3º ESO A : Narracións mariñas, Gonzalo López Abente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase unha proba de avaliación inicial e, de acordo cos resultados, o profesorado tomará decisións sobre o nivel de competencia media da aula e do ritmo que se seguirá.

Esta avaliación previa facilitará a toma de decisións sobre as medidas que se adoptarán: agrupamentos, adaptacións curriculares, exencións, reforzos, apoios na aula ou saídas co profesorado de Pedagogía Terapéutica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	20	20	20	100
Proba escrita	100	100	0	100	100	80
Táboa de indicadores	0	0	100	0	0	20

Criterios de cualificación:

No que ten que ver cos criterios de cualificación, partimos do seguinte:

- ¿ 40 % para os exames ou controis sobre os contidos da materia. En caso de seren máis de un farase media.
- ¿ 40 % para os traballos e/ou rexistros escritos solicitados -boletín de exercicios, proba de comprensión escrita, caderno etc.- (individuais ou colectivos, a través da aula virtual ou física e de soporte diverso).
- ¿ 10 % para a actitude e participación positiva na aula.
- ¿ 10 % para a oralidade no que ten que ver coa capacidade expresiva, a corrección e a fluidez.

Aclaracións:

- a) A lectura dos libros propostos por quen imparte a materia é obrigatoria, podendo facerse unha proba a maiores do recollido nos puntos anteriores -isto é, a modo de condición sine qua non- ou ben integrando a observación de quen leu o(s) libro(s) nalgún dos puntos anteriores.
- b) Algún exame ou parte deste pode ser conmutable por un traballo ou rexistro escrito (e viceversa).
- c) Para aprobar a materia, esíxese acadar un mínimo dun 30% nos apartados que conforman estes criterios.
- d) A/O docente pode optar por repetir/recuperar unha proba (exame ou non) de o considerar oportuno.
- e) A persoa á que se sorprenda copiando nunha proba recibirá a cualificación de 0 na mesma.
- f) En caso de estarmos nun contexto en que non se pode avaliar presencialmente as probas serán telemáticas. No caso de haber alumnado que careza de recursos dixitais para a elaboración de tales probas habilitarase unha alternativa que permita a realización da proba por outros medios.

Noutra orde, cabe salientar, primeiramente, que ademais das probas obxectivas e o interese pola materia, terase en conta, á hora de establecer unha cualificación, o respecto do alumnado polas normas básicas de convivencia estipuladas no centro.

1 Por acordo departamental entre as materiais de Lingua e Literatura Galega e Castelá, descontaranse 0.10 puntos por cada falta de ortografía en exames de contidos, de lectura e traballos. O desconto máximo será de 1 punto (agás nos exames específicos: acentuación etc.).

2 As notas das probas obxectivas non terán que cumprir ningún criterio específico de puntos mínimos para poder

facer media co resto.

3 Para aprobar un trimestre e mais a materia o alumnado deberá obter, como mínimo, un 5. O alumnado non superará a materia se aproba unicamente a 3ª avaliación e a media das tres avaliacións non chega aos 5 puntos (aínda que se poderá completar a nota ata acadar o 5 co traballo anual, tarefas de reforzo e ampliación...).

Para a fixación da nota no boletín en cada trimestre, a efectos do redondeo dos decimais en unidades enteiras, quen acade na suma dos diferentes parámetros que configuran os criterios de avaliación o decimal 6 ou superior pasará a ter un punto máis (p. ex. un 7,6 pasa a ser un 8); en troca, quen acade na suma o decimal 5 ou inferior manterase na mesma unidade (isto é, un 5,5 pasa a ser un 5). Para a fixación da nota no boletín na avaliación final farase media entre as notas dos tres trimestres, co mesmo sistema de redondeo antes sinalado.

No caso de alumnado que teña que acudir a convocatorias definidas como "de recuperación" (materia pendente ou curso actual), de recuperar a materia esta figurará cun 5, por máis que obtivese unha nota maior.

No caso de alumnado con necesidades educativas especiais este será cualificado e avaliado segundo o disposto na programación adaptada as súas necesidades.

Criterios de recuperación:

4 O profesorado fará unha recuperación da avaliación anterior suspensa á volta das vacacións que separan a 1ª e 2ª avaliación (Nadal e Semana Santa). O profesorado aportará material (fichas, exercicios de libro de texto) para que o alumnado suspenso supere a avaliación negativa e outorgará a este material, entregado e cumprimentado con puntualidade e corrección polo alumnado suspenso, unha puntuación máxima de 2 puntos que se sumarían as probas escritas de recuperación. Se o alumnado suspenso non aprobase deste xeito as avaliacións suspensas iría a xuño coas avaliacións suspensas ou toda a materia segundo considere o/a docente.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para recuperar a materia, o alumnado que teña pendente a Lingua Galega e Literatura de cursos anteriores deberá:

1. Demostrar interese, esforzo e traballo no curso actual e acudir ás reunións informativas que se convocarán regularmente para establecer traballos ou probas da materia pendente. Este seguimento farao o profesorado que lle imparta clase.
2. Completar os cadernos de traballo sobre os temas do currículo (ortografía, morfoloxía, sintaxe, identificación xustificada dunha selección de textos literarios, en especial no caso do alumnado co galego de 3º ESO pendente, etc.) proporcionados polo departamento de Lingua Galega e Literatura. Solicitaráselle ao alumnado un caderno por trimestre como mínimo onde se recollan as tarefas marcadas.
3. Realizar unha proba escrita trimestral sobre os contidos traballados nos cadernos. Os traballos de repaso dos contidos avaliados entregados a quen imparte a materia terán un máximo de puntuación de dous puntos a sumar coa nota das probas escritas trimestrais de recuperación. Se non recuperar a materia a través das tres probas escritas máis os traballos de reforzo realizados, o alumnado deberá examinarse de toda a materia ou partes aínda suspensas no mes de maio.

Notas aclaratorias:

¿ En función do grao de coñecementos demostrado polo alumnado durante os plans de traballo trimestrais o/a docente pode decidir o aprobado da materia pendente e, por tanto, o alumnado pode quedar eximido da realización dos exames.

¿ A superación da materia de lingua galega da 1ª e 2ª avaliacións nun curso superior ao que se ten pendente implica o aprobado nesa pendente, polo que o alumnado será eximido de realizar o traballo que se describiu anteriormente.

6. Medidas de atención á diversidade

No caso de Lingua Galega e Literatura, recórrese, no presente curso, como medida ordinaria de atención ao alumnado, á adaptación curricular para aquel alumnado con necesidades específicas e que xa cursasen o ano anterior nese programa.

Como medida extraordinaria, desenvolveranse durante o curso 2022-2023:

¿ ACI naquel alumnado que a precisar, sempre tendo en conta a valoración do Departamento de Orientación.

¿ Reforzo ou apoio a aquel alumnado que, na avaliación inicial, for proposto para recibir axuda por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica.

¿ Exención de Francés para aquel alumnado que cumprir cos requisitos esixidos.

CON RESPECTO AO PLAN DE REFORZO DESTE ALUMNADO, eles contarán cun plan específico, puidendo derivar no curso específico na Aula Virtual e no que se pendurarían os recursos e tarefas adaptados ás súas necesidades, probablemente de forma semanal para estruturar mellor os contidos. Con eles a comunicación, de darse o formato lectivo non presencial e semipresencial, podería ser tamén telefónica para estar máis directamente informados das súas dificultades. As reunións por videochamadas Webex serían exclusivas para o alumnado con necesidades específicas. Como partirmos dunha situación de non restricións, favoreceremos o diálogo presencial entre profesorado e familias implicadas no proceso educativo.

Os criterios de avaliación e cualificación de darse unha situación lectiva non presencial, centraranse na valoración do esforzo, corrección e puntualidade nas entregas, priorizando o afán de mellora e a evolución global deste alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - igualdade home-muller: sexismo lingüístico	X				
ET.2 - violencia de xénero, muller					X
ET.3 - dereitos humanos, discriminacións		X			
ET.4 - non violencia e paz, resolución pacífica de conflitos			X		
ET.5 - medio ambiente, ecoloxía, saúde				X	

Observacións:

Dado que o alumnado recibe, en cursos anteriores, os beneficios da información e das estratexias que o profesorado elabora convenientemente no relativo aos temas transversais, en 3º e 4º curso da ESO propónse un afondamento (análise de conceptos, crítica, reflexión...) no tratamento destes, ben sexa no momento en que o propicien as clases ordinarias, ben nunha serie de sesións específicas, en coordinación co Departamento de Orientación e cos apoios persoais ou institucionais que se xulguen oportunos.

Habería que afondar, daquela, en temas como:

¿ Igualdade efectiva entre homes e mulleres: detectar trazos sexistas da lingua e resolvelos mediante formas adecuadas.

¿ A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida así como de calquera forma de violencia: de xénero, contra persoas con discapacidade, racismo, xenofobia etc: tomar conciencia das situacións de conflito provocadas por situacións de desigualdade e discriminación, descubriendo as súas causas, reflexionando sobre elas e desenvolvendo a capacidade de tomar decisións para soluciónalas.

¿ A educación cívica e o respecto ao Estado de dereito: reparar nas situacións que provocan respostas agresivas intentando tomar posicionamentos para remedialas ou, se é o caso, mesmo previlas.

¿ A discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero: aprender a vivir a propia sexualidade respectando aos demais e utilizar unha linguaxe consecuenta con esta aprendizaxe.

¿ A saúde e a calidade de vida: potenciar a necesidade dunha actitude crítica para saber escoller e reflexionar sobre as falsas necesidades creadas pola sociedade de consumo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visita ao Museo do Pobo Galego	institución galega con especial coidado na preservación da identidade específica de Galicia
Inmersión cultural na lusofonía	viaxe a Portugal ou, se as condicións económicas non o permiten, encontros ou actividades de inmersión na cultura veciña
Celebración do Samaín	actividade de recuperación de identidade senlleira
Semana das Letras Galegas	accións de dignificación da cultura e lingua galega arredor da persoa homenaxeada nesta edición
Asistencia a espectáculos de artes escénicas	educación literaria fóra das aulas
Charla-coloquio con persoeiros da zona	Identificación co territorio en que se enxere o centro escolar
Ruta cultural	Promoción do territorio a través dunha perspectiva literaria e dunha andaina

Observacións:

Ademais de colaborar nas celebracións que se levan a cabo no centro todos os anos (festival de Nadal, Entroido, Letras Galegas...), tamén procuraremos colaborar naquelas actividades exteriores que propoñan outras institucións e que nos resulten de interese.

As actividades propostas, por diversas circunstancias, poden mudarse por outras que, intentaremos, sexan o máis afíns posibles as mencionadas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
As estatísticas de cualificación do alumnado
Os indicadores de interese do alumnado (ten en conta as instrucións dadas, realiza as tarefas, pregunta as dúbidas na clase, entrega traballos voluntarios¿) e os de progresión (resultado das probas obxectivas, realización de traballos de ampliación e reforzo, grao de fluidez e lectura¿)
A retroalimentación xerada no día a día cos demais integrantes da comunidade escolar
Cuestionario de autoavaliación arredor doutros items previamente definidos
O modelo de heteroavaliación proporcionado ao alumnado e cuberto por este de maneira anónima

Descrición:

Avaliar o proceso de ensino e a práctica docente pasa por observar e analizar os indicadores de logro arriba propostos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As vías polas que se opta no presente curso para a avaliación da propia programación son as seguintes:

1 Análise e seguimento detallado dos avances e/ou atrancos que da súa posta en práctica se derivan nas reunións periódicas de departamento -recollidas nas súas correspondentes actas-. Alén dos acordos entre as persoas que integran este departamento, a coordinación co departamento de Lingua Castelá e Literatura será constante, dadas as implicacións que hai entre ambos os currículos e dado que hai profesionais que imparten aulas en ambas as materias, polo que as achegas para a análise e seguimento serán mutuas.

2 Reunións periódicas da Comisión de Coordinación Pedagóxica nas que, ademais de reflexionar e tomar decisións sobre as cuestións que nos afectan a todos os departamentos en xeral, tamén se pode expoñer de forma clara a contextualización que cada departamento fai da súa orientación didáctica. Isto é especialmente importante en canto que o noso centro presenta unhas particularidades moi definidas que cómpre ter en conta tanto á hora de programar como de avaliar o programado (un certo illamento xeográfico, hábitos pouco relacionados co mundo académico e mesmo cultural, alumnado que colabora habitualmente no traballo das familias, escaso poder adquisitivo destas coas limitacións que iso supón...).

3 Calquera reunión non formal entre o departamento e o Equipo de Orientación, que puidese contribuír á mellora, supervisión ou emenda de todo o programado a comezos de curso.

4 A realización da memoria de todo o desenvolvido durante o curso, particularmente no que á consecución de obxectivos e metodoloxía se refire, pois os contidos, a miúdo, son ¿graduables¿ na súa orientación, é dicir, distribúense dunha maneira ou doutra ou priorízanse uns sobre outros en función das necesidades didácticas do noso alumnado (neste centro, por exemplo, é prioritaria a corrección sobre a aprendizaxe en lingua, pois o noso estudantado xa é galegofalante e o único que lle cómpre é ¿limpar¿ o idioma que usa).

9. Outros apartados